

**ACTA DA SESION ORDDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 2 DE OUTUBRO DE 1995.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día dous de Outubro de mil novecentos noventa e cinco; ás sete do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi celebrada o pasado día 25 de Setembro.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIADANS.-

Visto o escrito de Don Francisco Fernández Camaño, veciño de San Paio, con domicilio na rúa Fontiñas, no que prega se lle conceda a acometida de auga pasa uso doméstico no devandito domicilio, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, accede ó solicitado; a acometida levarase a cabo baixo a supervisión do Sr. Encargado do Servicio; o interesado fará aboamento en concepto de taxa da suma de 7.000 pesetas, sen o cal requisito esta autorización ficará nula e sen efecto.

Visto o escrito de Granitos de Ribadavia S.L., con domicilio en

Val de Pereira, no que prega se lle conceda a acometida de auga para uso industrial no seu Aserradeiro de pedra no devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, accede ó solicitado; a acometida levarase a cabo baixo a supervisión do Sr. Encargado do Servizo; o interesado fará aboamento en concepto de taxa da suma de 7.000 pesetas, sen o cal requisito esta autorización ficará nula e sen efecto.

Visto o escrito presentado por Don José Alvarez García, veciño de Sanín-As Chavolas, no que prega que se lle conceda licenza para cambio de actividade dunha graxa da súa propiedade, sita no devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda comunicarlle un informe técnico ó respecto que di o seguinte. "O emprazamento da nave actual corresponde a solo regulado pola Ordenanza 4.11 SU/NR.- Cabe destacar da Ordenanza respecto á actividade que se pretende: 4.11.3.1. Usos admitidos. Explotacións agrícolas, pecuarias ou forestais.- 4.11.4.1. Condicións de posición. En ordenación aberta. Retranqueo frontal mínimo de cinco metros ou o indicado en SNU/PV, restantes retranqueos, tres metros.- La nave existente e destinada a granxa avícola: dispón de licenza para a explotación avícola.- A nave está situada sen que presente aliñacións que indican sobre o planeamento vixente municipal.- A Ordenanza 4.11 contempla entre os usos admitidos, as explotacións pecuarias (4.11.3.1).- Do expediente que consta no Concello dedúcese que a nave existente ten 458,35 metros cadrados, terase entre outras cousas que determinar que cumpre a edificabilidade e ocupación hoxe determinada polas NN.SS. en 4.11.4.4. e que é edificabilidade aberta 0,50 m²/m² sen sobrepasa-la superficie edificable o 50% da parcela.- Esta nova actividade "GRANXA DE TERNEIROS DE ENGORDE" terase que definir no seu correspondente proxecto técnico e medidas correctoras correspondentes".

Visto o escrito de Don José Antonio González Neira, Procurador dos Tribunais, actuando no nome e representación de Telefónica, na que formula reclamación previa ó exercicio de accións na vía xudicial civil, en reclamación de 635.348 pesetas en concepto de indemnización por presuntos danos coma consecuencia de rotura de cable e canalización telefónica na rúa Progreso, 60, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, e de acordo cos antecedentes que se atopan no expediente acorda rexeita-la reclamación; segundo informe existente dos servizos técnicos municipais o Concello no é responsable da mesma pois a canaliación de Telefónica non poderá discorrer a 0.47 do pavimento nin tampouco, poderá discorrer sobre a rede de sumidoiro.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, coñece os seguintes:

Da Farmaceutica titular, partes semanais de cloración de augas do abastecemento do consumo público de Ribadavia e de San Paio.

Da Farmaceutiva titular, resultados das análises mínimas das augas potables de consumo público de San Paio e de Ribadavia.

Da Delegación da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, escrito sobre denuncia por veciños pola realización de obras ilegais no interior dunha nave para actividade de cria e engorde no lugar de Sanín.- A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda remitir á devandita Delegación tódalas actuacións que se están a levar a cabo na dita nave.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, acorda por unanimidade, aproba-lo proxecto básico e de execución de Instalacións Deportivas en Ribadavia, redactado polo Arquitecto, Don Javier Suances Matías, en calidade de Asesor Urbanístico do Concello, por importe de 14.954.152 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, acorda por unanimidade, o aboamento en concepto de gratificación a Don Herminio Lage Deaño, a cantidade de 30.000 pesetas por servicios prestados durante os últimos catro meses no servicio de limpeza deste Concello, fóra da súa xornada habitual de traballo.

Coa finalidade de facilitar un mellor servicio ós usuarios do Pavillón Polideportivo, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda a instalación dun teléfono público no mesmo, así como tamén acorda que o ingreso das cantidades recadadas se leve a cabo coa periodicidade que se determine, nas arcas municipais.

Vistos os informes realizados polo Servicio Social de Base, a

Comisión Municipal de Gobierno, por unanimidade, acorda conceder as subvencións que de seguido se detallan para adquisición de material escolar a: Dona Pura Rodríguez Iglesias, veciña da Franqueirán, por importe de 20.000 pesetas; Dona Carmen Rosendo Seoane, veciña de Francelos, por importe de 10.000 pesetas; Dona Angela Montoya Hernández, veciña desta Vila, con domicilio en rúa Yáñez, 17, por importe de 15.000 pesetas; Dona Genoveva Menacho García, veciña desta Vila, con domicilio na rúa Irmáns Alvarez Araújo, 20, 1º, por importe de 10.000 pesetas.

ADXUDICACION DEFINITIVA DOS TRABALLOS ESPECIFICOS E CONCRETOS DENOMINADOS: "REALIZACION DOS TRABALLOS PRELIMINARES DE RENOVACION DO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES DE 1996".-

Examinado o expediente dos traballos denominados "REALIZACION DOS TRABALLOS PRELIMINARES DE RENOVACION DO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES DE 1996" e unha vez examinadas as diversas proposicións económicas das empresas convidadas a participar en dita contratación, a Comisión Municipal de Gobierno, por unanimidade, acorda a adxudicación definitiva polo procedemento negociado dos traballos denominados "REALIZACION DOS TRABALLOS PRELIMINARES DE RENOVACION DO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES DE 1996" á EMPRESA **INFRAESTRUCTURAS Y CONSTRUCCIONES ORENSANAS S.L.**, con domicilio en Paz Novoa, 4, 1º G, de Ourense, por se-la proposición máis avantaxosa das presentadas. Na súa consecuencia esta Comisión Municipal de Gobierno, dispón que se lle notifique á empresa adxudicataria esta decisión ós efectos de que presente os documentos preceptivos e o documento que acredite a constitución da garantía definitiva, citándolle para a formalización do correspondente contrato administrativo no prazo de cinco días contados a partir da data da notificación.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.

Non houbo.

E sendo as sete e media do serán, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente do cal, coma Secretario accidental, certifico.